

CONVENIOS DE PATROCINIO ENTRE A FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO E CLUBS DEPORTIVOS PARA A ACTIVIDADE DE PATROCINIO POR PARTE DA ENTIDADE Á FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO DE ACORDO CO PLAN DE PATROCINIO DOS EQUIPOS DE ALTA COMPETICIÓN DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2017

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O DIRECTOR-XERENTE DA FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO, **DECLARA:**

Que esta FUNDACIÓN formalizou cos clubs que se detallan a continuación, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 16 de xuño ata o 31 de decembro de 2017. A relación de clubs é a seguinte:

Club Baloncesto Breogán S.A.D.
Club Básquet Coruña
Druidas Béisbol Club
Club Bowling Celta
Grupo Deportivo Supermercados Froiz
Unión Deportiva Somozas
Club Valdetires
Club Náutico Ría De Pontevedra

Que o instrumento convencional tivo por obxecto:

establecer as relacións entre as Partes en orde a dispoñer a actividade de patrocinio por parte da Entidade á Fundación Deporte Galego e ABANCA así como a colaboración das partes na promoción do Plan Galego de fomento da actividade física GALICIA SAUDABLE, de acordo co Plan de patrocinio para o exercicio 2017.

Este patrocinio desenvolveuse conforme á proposta publicitaria presentada polas Entidades así como de conformidade co establecido no Plan de Patrocinio Deportivo Fundacional dos equipos de Alta Competición de Galicia, exercicio 2017.

Que existiu converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.



Que o instrumento convencional fundamentouse no seguinte:

- I. Que a Fundación, entidade fundacional do sector público de Galicia, ten por finalidade a promoción do deporte na Comunidade Autónoma galega, en cuxa consecución está capacitada para a realización de distintas actuacións, en colaboración con institucións e empresas, tanto públicas como privadas.
- II. Que a Fundación Deporte Galego, ten aprobado o Plan de Patrocinio Deportivo Fundacional dos equipos de Alta Competición de Galicia, exercicio 2017, cuxo obxecto principal é a difusión da actividade e imaxes fundacional e da Comunidade Autónoma e especialmente do Plan Galego para o fomento da actividade física GALICIA SAUDABLE, así como a promoción do deporte de alta competición de Galicia, tendo por destinatarios as entidades con equipos nas máximas categorías estatais absolutas. En diante, o Plan.
- III. Que as Entidades conta cun equipo participante nunha das competicións incluídas no ámbito obxectivo do Plan. En diante o Equipo.
- IV. Que a Fundación e a entidade financeira ABANCA formalizaron en data 20 de febreiro de 2015 un contrato de patrocinio, que ten por obxecto o patrocinio publicitario por ABANCA do Plan de patrocinio dos equipos de alta competición de Galicia da Fundación Deporte Galego -en diante o Plan-. Este patrocinio supón a consideración de ABANCA como PATROCINADOR OFICIAL do Plan, incorporándose o seu distintivo corporativo ás actuacións de comunicación do mesmo que desenvolva a Fundación, sen prexuízo das restantes prestacións contempladas no Plan de patrocinio a favor de ABANCA.
- V. Que o Plan de Patrocinio conta con dous apartados específicos de patrocinio:
 - a. Patrocinio Deporte Galego e Galicia Saudable.
 - b. Patrocinio con cargo á liña específica ABANCA.
- VI. Que as Entidades presentaron proposta publicitaria só para o primeiro dos dous apartados de patrocinio.
- VII. Que logo da correspondente tramitación do expediente, as Entidades resultaron adxudicatarias no procedemento establecido para a formalización coa Fundación, dun convenio de patrocinio con motivo do Plan de Patrocinio só para o primeiro dos dous apartados sinalados anteriormente.
- VIII. Que conforme a todo o referenciado, as Partes, recoñecéronse plena capacidade, conveñen en subscribir o presente convenio de patrocinio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes excluiron o ánimo de lucro, e non poideron satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímorese xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 07 de febreiro de 2019

